



CONCELLOS

RÁBADE

Anuncio

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2020, no que se aprobou provisionalmente a modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro das Ordenanzas.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que se reixerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe un feito imponible da Taxa á prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas ou locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello ou no seu caso por xestión indirecta, mediante concesión administrativa.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente, podendo prorratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de Padrón ou matrícula.

A cobranza efectuarase mediante recibos bimestrais

OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é esixible no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa abonarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

ARTIGO 7

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

NORMAS PARA O SUBMINISTRO

ARTIGO 8

Elaborarase un Regulamento que terá por obxecto establecer as normas respecto ó servizo de subministro de auga potable.

CONTÍA

ARTIGO 9

A contía da taxa, regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa seguinte:

TARIFA:

A) ABOADOS DOMÉSTICOS

- Cota de servizo (fixa mensual) 1,82 /abon. mes

- Consumo

1º bloque menos de 14 m³/ab.bim 0,22 €/m³

2º bloque 14 a 30 m³/ab.bim 0,44 €/m³

3º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,59 €/m³

4º bloque máis de 60 m³/ab.bim 0,87 €/m³

B) ABOADOS COMERCIAIS, INDUSTRIAIS E OBRAS

- Cota de servizo (fixa mensual) 32,77 €/abon. mes

- Consumo

1º bloque 0 a 30 m³/ab.bim 0,59 €/m³

2º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,77 €/m³

3º bloque máis de 60 m³/ab.bim 0,97 €/m³

C) DEREITOS DE ENTRONQUE.

A efectos da presente ordenanza enténdese por dereitos de entronque a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento, que será requirida por unha sola vez. Pola contra,

enténdese por alta, cada unha das sucesivas altas e cambios de titularidade que no seu caso se produzan ao longo da vida do servizo.

USO DOMÉSTICO. 87,39 €

USO INDUSTRIAL. 218,45 €

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 10

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na Taxa.

DEVENGO

ARTIGO 11

Abonarase a Taxa e nace a obriga de contribuír desde que teña lugar a prestación do servizo mediante xiros bimestrais.

ENTRADA EN VIGOR

ARTIGO 12

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 14 de decembro de 2021, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento co artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á Rede de Sumidoiros e Depuración de Augas Residuais Municipais.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipais.
- c) A prestación do Servizo de Depuración de Augas Residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

1. A Cota tributaria correspondente a concesión da licenza o autorización da acometida a rede de saneamento esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de:

DOMESTICO: 87,39 €

INDUSTRIAL: 218,45 €

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto aplicarse a seguinte Tarifa:

TARIFA

SERVICIO DE SANEAMENTO

Abonados domésticos

- Cota de servizo (fixa mensual) 2,19 €/abon. mes

- Consumo en abastecemento

1º bloque menos de 14 m³/ab.bim 0,22 €/m³

2º bloque 15 a 30 m³/ab.bim 0,44 €/m³

3º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,59 €/m³

4º bloque máis de 60 m³/ab.bim 0,87 €/m³

Abonados comerciais, industriais e obras

- Cota de servizo (fixa mensual) 3,64 €/abon. mes

- Consumo en abastecemento

1º bloque de 0 a 30 m³/ab.bim 0,59 €/m³

2º bloque 31 a 60 m³/ab.bim 0,73 €/m³

3º bloque máis de 60 m³/ab.bim 1,09 €/m³

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 6:

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa.

DEVENGO

Artigo 7:

1. Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose a mesma:

A) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, si o suxeito pasivo o formulase expresamente.

B) Desde que teña lugar efectiva a acometida a rede de saneamento municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se houberse obtido o non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista saneamento, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuara a acometida a rede.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO**Artigo 8:**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán ás declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partires da primeira declaración que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenciade a acometida a rede.

2. As cuotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga. Mediante recibos bimestrais.

3. No suposto de licencia de acometida o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servicios tributarios de este Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 14 de decembro de 2020, entrará en vigor o 1 de xaneiro do 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. En cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Rábade, 10 de febreiro de 2021.-O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0364

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio***ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ DE RIBEIRA DE PIQUÍN**

Ó abeiro do disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, neste Concello iniciouse expediente para á elección de Xuíz de Paz titular do Xulgado de Paz de Ribeira de Piquín.

A tal fin, faise a presente convocatoria pública segundo o seguinte detalle:

OBXETO: Elección de Xuíz de Paz Titular do Xulgado de Paz de Ribeira de Piquín (Lugo).

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 15 días hábiles dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Lugar: No rexistro do Concello ou por calquera dos medios dispostos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SOLICITANTES: Tódolos cidadáns que reúnan os seguintes requisitos:

-Ser español/a.

-Maior de idade.

-Non estar incurso nas causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, así como nas causas de incompatibilidade e prohibicións sinaladas nos artigos 389 e 397 da antedita Lei, a excepción das actividades establecidas no artigo 14.2 do Regulamento 3/1995. As causas de incompatibilidade e prohibicións operarán con posterioridade ó nomeamento.

DOCUMENTACIÓN: Os solicitantes deberán presenta-la instancia pertinente dirixida ó Señor Alcalde-Presidente, debendo adxunta-los documentos seguintes:

-Certificado de nacemento e fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.

-Certificado de antecedentes penales, expedido polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.

-Declaración complementaria de conducta cidadá á que se refire o artigo 2 da Lei 68/80, no seu punto 1.a), referente a se se atopa inculcado ou procesado.

-Certificación médica acreditativa de non estar impedido física ou psíquicamente para o exercicio da devandita función.

-Xustificante dos méritos que poida alegar.

Ribeira de Piquín, 22 de decembro de 2020.- O alcalde, Roberto Fernández Rico

R. 0365

Anuncio

Aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2021/034, de data 15 de febreiro, expóñense ao público as bases e a convocatoria para a provisión con carácter definitivo dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa, da Oferta de Emprego Público para o ano 2021.

O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do concello (www.ribeiradepiquin.es).

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO LIBRE, CON CARÁCTER DEFINITIVO, Á PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2021 DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

O obxecto destas bases é a cobertura da praza de administrativo do cadro de persoal funcionario desta corporación, con carácter definitivo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2021.

SEGUNDA. Sistema de selección

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICIÓN, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, xa que este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos das persoas aspirantes, tamén a experiencia e a formación complementaria, relacionadas co contido funcional da praza, garantindo así un mellor desempeño das funcións atribuídas, reducindo o tempo de adaptación e pleno exercicio da praza e do posto.

TERCEIRA. Características da praza e cometido funcional

A praza que se convoca é a seguinte:

| Núm. vacantes | Denominación | Escala/Subescala | Grupo | Tipo de persoal |
|---------------|----------------|---|-------|-------------------------|
| 1 | Administrativo | Administración Xeral/ Administrativa | C1 | Funcionario de Carreira |

O cometido funcional da praza/posto de traballo consistirá na realización das funcións propias do posto, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Entidade.

As funcións que ten adscritas a referida praza dentro da Relación de Postos de Traballo do Concello de Ribeira de Piquín son as seguintes:

- Contabilidade e presupostos.
- Transcrición de Actas do Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Arquivo de Actas do Pleno e Xunta de Goberno Local, envío telemático da copia das actas a outras Administracións.
- Redacción de Notificación de Acordos, resolucións.
- Manexo de aplicacións informáticas de tratamento de padrón de habitantes, tratamento de augas e lixo.
- Tramitación e Xustificación de Subvencións do Concello.
- Atención ao Público e telefónica, recollida e tratamento de correo, rexistro de entrada e saída e arquivo de documentación.
- Persoal adscrito a Servizos Xerais.
- Departamento de Recursos Humanos, confección e elaboración de Nóminas.
- Departamento de Recursos Humanos, cálculo de retencións IRPF en nóminas de persoal e comunicación de ditas declaracións á Axencia Tributaria.
- Aquelas outras funcións que respetando o seu nivel de titulación e coñecementos lle encomende o Sr. Alcalde.

As retribucións a percibir serán as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C1 que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias consignadas nos orzamentos do Concello de Ribeira de Piquín.

CUARTA. Condicións de admisión de aspirantes

Para participar nas probas de selección, será necesario:

a) Ter a nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado, sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

— As persoas que posúan a nacionalidade doutros Estados membros da Unión Europea.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

— As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

— As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas das praza á que aspira.

c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Estar en posesión do Título de Bacharelato ou Técnico de Formación Profesional. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

f) Cumprir, no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no período comprendido entre a proposta de nomeamento e a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, o aspirante seleccionado comprométese a renunciar á mencionada actividade.

QUINTA. Forma e prazo de presentación de instancias

As instancias (Anexo II) solicitando tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte; dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira de Piquín, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello, presencialmente no Rexistro do Concello, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **vinte (20) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao concello achegando unha copia da solicitude (anexo II) por fax (982333735) ou correo electrónico: concello@ribeiradepiquin.es o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito a instancia entenderase inadmitida a tódolos efectos.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios municipal.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Copia autenticada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Copia autenticada do Título de Bacharelato ou de Técnico de Formación Profesional.

- c) Copia autenticada da documentación que acredite os méritos que o aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse na data de finalización de presentación de instancias. Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.
- d) Copia autenticada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 4, ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que se dexesen alegar en relación co posto que se convoca, mediante copia autenticada da/s titulación/s aportadas. Os méritos aos que fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala nesta base determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal.

Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos aspirantes.

SEXTA. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>, e no taboleiro de anuncios municipal, concederase un prazo de dez días hábiles para a emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>, e no taboleiro de anuncios municipal. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse as probas, así como o nomeamento do tribunal titular e suplente.

No caso de non presentarse alegacións á lista provisional, elevarase esta a definitiva.

Unha vez comezadas as probas non será obligatoria a publicación da celebración das sucesivas probas no BOP, sendo suficiente a súa exposición no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal con 12 horas, se é o mesmo exercicio, ou 24 horas se é diferente exercicio.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte, deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

SÉTIMA. Tribunal cualificador

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicarase no BOP conxuntamente coa fixación da data de realización das probas.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requirese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de precepción de asistencias polos membros concurrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

OITAVA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O proceso de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único. Serán excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirllles aos opositores que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do carné de conducir.

Finalizada a fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.

Os exercicios das probas serán obrigatorios e eliminatorios, cualificándose ata un máximo de 12 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 6 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acharase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO: Teórico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test de 50 preguntas e 4 máis de reserva, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionados co contido do programa que figura no Anexo I a estas bases, nun tempo máximo de 90 minutos.

Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 6 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuarse con 0,24 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,12 puntos.

B) SEGUNDO EXERCICIO: Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en realizar un exercicio de carácter práctico sobre as funcións ou tarefas do posto e en relación cos temas contidos no anexo I, durante 90 minutos. Este exercicio cualificarase polo Tribunal ata un máximo de 12 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 6 puntos para superalo.

PROBA DE GALEGO:

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que acrediten que, dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude no proceso selectivo, posuían o Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOGA núm. 146, de 30 de xullo de 2017).

FASE CONCURSO:

Con carácter previa á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso entre os aspirantes que presentaron a instancia para participar no proceso de selección. **A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 16 puntos.**

Méritos computables:

a) Titulacións académicas:

As titulacións académicas deberán acreditarse mediante copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) acreditativa de estar en posesión da diplomatura, grao ou licenciatura que se achegue.

Valoraranse as titulacións académicas oficiais conforme aos seguintes criterios e puntuación:

a.1 Por posuir titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en graos ou licenciaturas directamente relacionadas coas funcións propias do posto: **4 puntos.**

a.2 Por posuir titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en diplomaturas directamente relacionadas coas funcións propias do posto: **2 puntos**.

a.3 Por posuir titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en graos ou licenciaturas non relacionadas directamente coas funcións propias do posto: **1 punto**.

a.4 Por posuir titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria consistentes en diplomaturas non relacionadas directamente coas funcións propias do posto: **0,5 puntos**.

A Puntuación total deste apartado **non poderá exceder de 4 puntos**.

b) Experiencia profesional:

A experiencia laboral acreditarase obrigatoriamente mediante certificado ou informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao que deberá achegarse copia dos contratos, certificados de empresa ou certificados de servizos prestados expedidos polo organismo oficial competente, nos que se especifique o posto/praza ou o emprego desempeñado así como o tempo de prestación do servizo.

A carencia dun destes documentos implicará a non valoración dese mérito alegado.

Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

Valorarase a experiencia laboral en función da seguinte puntuación:

b.1 Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo que se convoca nas Administracións Públicas e/o unhas Entidades do Sector Público, como funcionario ou persoal laboral. **Valorarase a razón de 0.17 puntos por cada 30 días de traballo**.

O tempo traballado a xornada parcial computarase ata acadar o 100% da xornada, segundo informe da vida laboral. En calquera caso, o cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

A Puntuación total deste apartado **non poderá exceder de 8 puntos**.

c) Cursos:

Só se valorarán os cursos de formación cunha antigüidade máxima de 15 anos, que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo convocado, excluídos os cursos de informática, sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha Institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o seguinte baremo:

-Por cada curso de duración de 20 a 39 horas: 0,50 puntos.

-Por cada curso de duración de 40 a 59 horas: 1,00 punto.

-Por cada curso de duración de 60 a 79 horas: 1,50 puntos.

-Por cada curso de duración de 80 a 99 horas: 2,00 puntos.

-Por cada curso de duración de 100 ou máis horas: 2,50 puntos.

Neste apartado non se valorarán as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas non rematadas, nin incluídos os másters oficiais e másters e cursos impartidos polas universidades baixo a denominación de títulos propios.

A formación complementaria deberá acreditarse mediante copia autenticada dos diplomas ou certificados acreditativos de ter realizada a formación nos que conste o número de horas lectivas. Non se puntuarán as accións formativas que non acrediten as horas de duración.

A Puntuación total deste apartado **non poderá exceder de 4 puntos**.

NOVENA. Cualificación

A cualificación final será a seguinte:

— Sistema concurso-oposición: será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso.

A puntuación total de todos os exercicios, incluída a fase de concurso, será de 40 puntos; serán eliminados os aspirantes que non cheguen a 6 puntos en cada un dos exercicios da fase de oposición, debendo estar acreditado o CELGA 4 ou equivalente, ou superada a proba de galego.

En caso de empate na valoración total do concurso-oposición, resolverase acudindo á puntuación obtida no segundo exercicio da fase de oposición, e no caso de persistir no empate, á puntuación obtida no primeiro dos exercicios. En caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de experiencia profesional do concurso. De persistir o empate, resolverase a favor do/a aspirante que antes rexistrase a súa solicitude completa (sen enmendadas) no Rexistro Xeral do Concello.

DÉCIMA. Relación de aprobados, presentación de documentos e nomeamento

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.ribeiradepiquin.es/>), indicando que o número de aprobados non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas. Esa relación elevarase ao presidente da Corporación.

Os aspirantes propostos achegarán ante a Administración, dentro do prazo de dez días naturais dende a publicación da lista definitiva de aprobados, os seguintes documentos:

1. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
2. Certificado de antecedentes penais.
3. Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
4. Número de afiliación á Seguridade Social e número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición, deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación do Ministerio ou organismo de quen dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

As persoas que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeadas, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O nomeamento corresponderalle á Alcaldía, na súa condición de xefatura directa do persoal, e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Unha vez publicado o nomeamento, deberase proceder á toma de posesión dentro do prazo de quince días a partir da dita publicación, tal e como establece o artigo 61 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 da mesma lei.

UNDÉCIMA. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DUODÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

